



BASES PARA A CONTRATACIÓN DE SEIS SOCORRISTAS ACUÁTICOS, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO DE PRAIAS DO CONCELLO DE MIÑO 2018.

1.^a.-Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases **regula-lo procedemento de selección mediante o sistema de oposición libre, para a contratación de seis socorristas acuáticos para cubrir o servizo de “Salvamento e socorrismo en praias 2018 no Concello de Miño”**, todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública e demais normativa de pertinente aplicación.

2.^a.- Tipo e duración do contrato.

A modalidade do contrato que ligará ca Corporación convocante ao/á aspirante finalmente contratado será laboral temporal por obra ou servizo determinado a tempo completo.

A duración do contrato será de dous meses, previsiblemente dende o 1 de xullo ao 31 de agosto de 2018.

As retribucións do posto serán de 1.392,38 euros mensuais brutos, incluída a parte proporcional das pagas extras.

Os postos de traballo obxecto da presente convocatoria terán, entre outras, as seguintes funcións:

- Vixilancia e socorrismo de praias do concello.

3.^a.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non



separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Idade: Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

f) Profesionalidade: Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo redacción dada polo Decreto 35/2017, do 16 de marzo (DOG n.º 69 do 07/04/2017), que establece na súa disposición transitoria única unha prórroga automática do prazo de inscrición provisional hasta o 10/04/2021.

No defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que dende fecha de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade



Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase axuntar, xunto ca solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV de dito Decreto 104/2012, así como o Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente o que la englobe.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

4ª.- Presentación de instancias.

Os que desexen tomar parte no procedemento selectivo destas prazas de persoal laboral temporal, presentarán solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, no modelo oficial que figura nas presentes bases (Anexo I), nas que se fará constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 3ª.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas) durante o prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES, contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria nun xornal e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica. As instancias tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección: correo@concellodemino.gal, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante. Así mesmo, se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude, doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Fotocopia do documento que acredite a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire o parágrafo f) da base segunda.



En defecto de documentación que acredite a inscrición no citado rexistro, fotocopia da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, (modelo normalizado que figura como Anexo III ao Decreto 104/2012 xa citado), así como da declaración responsable segundo o modelo normalizado (Anexo IV). Neste caso os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, fotocopia do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5ª.- Admisión dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>), e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de tres días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.



A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos mediante resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>). Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección

6ª.- Tribunal cualificador.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

Os membros do Tribunal Cualificador deben ter unha titulación de nivel igual ou superior ao existido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.



Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención a colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto.,

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7ª.- Desenvolvemento do proceso selectivo.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan, salvo casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, sen embargo, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

A orde na que actuarán os aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente será por orden alfabético.



Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua galega ou castelá, agás aqueles destinados a valorar o coñecemento dun idioma, que se realizarán no idioma indicado no exercicio.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

8.^a- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de oposición.

Constará dunha proba cos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio.- Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario, proposto polo tribunal, de 20 preguntas cortas relativas o temario que figura como Anexo II. Esta proba calificarase de 0 a 20 puntos.

Segundo exercicio.- Consistirá na superación das seguintes probas de aptitude física, que serán as adecuadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que vanse a realizar e se calificará de 0 a 20 puntos.

Consistirá percorrer unha distancia de 350 metros, e a continuación entrada na auga e natación en augas abertas, desde unha baliza situada no areal hasta unha bolla colocada enfrente a baliza de terra, debendo superala polo exterior.

Dependendo do estado do mar, o tribunal establecerá a distancia a nadar, así como o tempo máximo para a realización da proba. Nesta proba os aspirantes poderán utilizar un traxe de neopreno de grosor non superior a 4 milímetros.

9.^a- Cualificación final e relación de aprobados.

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo Tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición. En caso de empate, terán preferencia aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación no segundo exercicio, en caso de persistir o empate procederase a un sorteo entre os/as implicados/as.

O tribunal fará públicas no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello, a relación definitiva dos aspirantes aprobados e pola orde da puntuación obtida.



10ª.- Proposta de contratación.

O tribunal así mesmo elevará a relación definitiva de aspirantes aprobados ao Alcalde para proceder á formalización do correspondente ca acta da sesión a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total mais alta.

O tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior o de prazas convocadas.

Calquera proposta que inclúaa mais nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

11.ª.-Presentación de documentación e formalización do contrato.-

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, o/a aspirante proposto/a deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria, achegando a seguinte documentación actualizada no prazo de 5 días naturais a contar dende a publicación da lista de aprobados nos taboleiros de anuncios do concello:

a) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Non suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

c) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as



actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Presentada a documentación polo/a interesado/a, o Sr. Alcalde efectuará a contratación, a favor do/a candidato/a proposto/a.

As persoas contratada estarán obrigadas a prestar súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo ca lexislación aplicable, quedando sometida a un período de proba, co el alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos traballadores, e estará suxeita a lexislación laboral pertinente.

12ª.- Lista de reserva

O finalizar o proceso selectivo, elaborárase unha lista de reserva, cas persoas aspirantes presentadas o proceso selectivo por orden de puntuación, que tera vixencia durante o período de contratación. As persoas que formen parte desta listas, poderán ser chamados por rigoroso orden de puntuación para a cobertura dos postos obxecto da convocatoria por motivo de baixa ou renuncia das persoas seleccionadas.



ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.,
con DNI número....., e domicilio a efectos de notificacións
e comunicacións en
C.P....., localidade de.....provincia de
teléf. e E-mail:

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo concello de Miño a través do anuncio publicado o pasadono..... para a **CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 6 SOCORRITAS ACUÁTICOS PARA A TEMPADA DE VERÁN 2018.**

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da presente convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total depáxinas.

- Fotocopia do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- Documento ou documentos xustificativos de profesionalidade de socorrista acuático en espazos naturais

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Miño no momento en que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

5ª.- Que coñezo e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se me admita para tomar parte no proceso selectivo convocado para cubrir as prazas convocadas.

En, a de de 2018.

Asdo.-

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO.



ANEXO II: TEMARIO

- Tema 1.- Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos
- Tema 2.- Socorrismo. Principios xerais.
- Tema 3.- Reanimación cardiopulmonar.
- Tema 4.- Traumatismos. Lesións e contusións.
- Tema 5.- Feridas. Hemorraxias.
- Tema 6.- Shock. Cadros convulsivos.
- Tema 7.- Queimaduras. Trastornos térmicos.
- Tema 8.- Intoxicacións.
- Tema 9.- Picaduras e mordeduras.
- Tema 10.- Accidentes acuáticos.
- Tema 11.- Plan de autoprotección.
- Tema 12.- Plan de actuación en zonas de baño.
- Tema 13.- Salvamento e socorrismo acuático profesional.
- Tema 14.- Praias e augas oceánicas e continentais.
- Tema 15.- Praias do Concello de Miño.

O Concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente, Facenda e Persoal

Agustín Andrés Andrés